

**GUÍA DOCENTE DE BAIXO CONTINUO I-VIII****ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: BAIXO CONTINUO I-VI										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Música antiga (Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco)	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Música antiga
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.
ECTS/CUAD.	2	2	2	2	2	2	2	2	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Realización do baixo continuo de diferentes épocas e autores/as. Coñecemento e emprego dos distintos sistemas de cifrax e técnicas de acompañamento e ornamentación empregadas. Realización de liñas de baixo continuo seguindo os diferentes criterios estilísticos e estéticos. Tratados da época.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Sen coñecementos previos
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T9, T10, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X6, X8, X10, X11, X12, X13, X15, X21, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer e practicar a realización das cadencias, as progresións armónicas e os enlaces melódicos no instrumento de continuo.	Todas
Coñecer os diferentes sistemas de cifrado do baixo continuo	Todas
Coñecer e estudar os principais tratados históricos e modernos de baixo continuo para corda pulsada.	Todas
Practicar e aumentar progresivamente a capacidade de lectura a vista do baixo continuo	Todas
Coñecer os diferentes recursos idiomáticos propios de cada instrmento para a realización do baixo continuo	Todas
Realizar o baixo continuo de obras de distintos periodos e estilos do Barroco, respectando as características propias de cada unha delas e baseándose en criterios interpretativos historicistas.	Todas
Practicar a ornamentación e a improvisación na realización do baixo continuo.	Todas



4. CONTIDOS

Exercicios: Cadencias. A regra da oitava. Sucesións armónicas. Enlaces melódicos. Ornamentación.

Repertorio: Realización do baixo continuo de: obras para unha voz ou un instrumento solista e baixo do Seicento italiano. Ostinatos. Madrigais. Recitativos e arias de operas e cantatas. Suites francesas. Sonatas do barroco pleno e tardío. Tonos humanos. ~~Concerto~~ConcertoGrosso

Formación: Realización do baixo continuo en grupos variados de música de cámara e na orquestra

Fontes: Estudo dos principais tratados históricos e modernos de baixo continuo para corda pulsada. Aplicación deste coñecemento na execución do b. continuo.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Exame	Presenciais	Ao final do cuadrimestre
Tutorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*